

LAS CHICAS ESTÁN BIEN

Itsaso Arana, 2023

1161

ESTREA EN NUMAX: 25.08.2023 | V.O. | 85 min

Un grupo de rapazas xúntase nunha casa de campo durante unha semana de verán para ensaiar unha obra de teatro. Durante a convivencia, intercambian os seus saberes sobre a amizade, a actuación, o amor, a orfandade e a morte; coa secreta esperanza de que compartir as fará mellores. Las chicas están bien é un conto de verán con princesas, cabalos, sapos, un fogo, unha festa, un río, moitas cartas e ata un príncipe despistado.

«Dunha naturalidade moi sensorial que cheira a cacharela de verán, a festa de verán na aldea»

Irene Crespo, CINEMANÍA



Entrevista con Itsaso Arana: «O filme é unha mestura de valentía e medo»

Por Alfonso Rivera

Como nai desta criatura cinematográfica, se tiveses que definir *Las chicas están bien*, ten xénero ou non o necesita? Non sei que xénero ten, porque non é un documental nin ficción, é un pouco de época e á vez moderna... ás veces falcatrueira, divertida, lixeira; encontra o seu propio xénero, que saíu de forma natural, desde dentro cara fóra. Eu non a rodo para ilustrar ningunha idea, aínda que si que é unha declaración de amor ás mulleres da miña vida, en concreto a catro amigas actrices que se prestaron a esta aventura xenerosa onde verten vivencias persoais, sendo un risco para elas expoñerse desesa maneira. E o que máis me gusta agora, a primeira sensación despois de parila é que se percibe a tenrura desde onde está concibida, a súa suavidade e delicadeza, pero tamén ten algo sorprendente e, á súa maneira, salvaxe. Síntome orgullosa de encontrarlle a súa propia natureza e escala: humana, pequena, rodada en quince días e que, de súpeto, se viu nun escaparate internacional como este festival. Rodeina sen moita pretensión e puido manter esa natureza ata o final.

Sentiches algo de vertixe ao comezar a filmación -porque non dirixiras nin unha curta previamente- ou ese relax que transmite o filme lévalo posto? Eu dirixo teatro desde hai anos e as ferramentas que fun obtendo con esa tarefa servíronme bastante para a rodaxe: non tiven a sensación de estar nun lugar ou posto descoñecido, pero obviamente todo o cinematográfico desde ese lugar de dirección escapábaseme moitas veces. Sentín, a pesar de que me deixaron facer as cousas -ben ou mal-, que o facía á miña maneira: foi un equipo pequeno e con planificación sinxela, como rodei antes con *Los Ilusos*, así que o puider revivir co meu estilo. Obviamente sentín medo, a fragilidade estaba presente -nunca neguei que me asustaba rodala-, fun con paso humilde e fixen o filme que sentía que podía facer, unha mestura de valentía e medo.

O traballo previo con Jonás Trueba, a serie *Las últimas de la fila* (Daniel Sánchez Arévalo, 2022) ou a túa última interpretación estreada, *H* (Carlos Pardo Ros, 2022). Como te foron influíndo eses traballos e, dalgunha maneira formando, para ir captando calidades que debe ter un/ha cineasta? Que interesante iso! Creo que un/ha director/a marca absolutamente a atmosfera da rodaxe, que é unha extensión da personalidade, das virtudes e as cousas non tan boas de quen está guiando: iso funo comprobando co paso do tempo. As rodaxes de Jonás son silenciosas, respectuosas e dubitativas, un retrato da personalidade do cineasta. Nese sentido tratei de xerar un ambiente meu, de pór en práctica as cousas que me gustaría vivir nalgunhas rodaxes ou que sentín que facían falta para esta en concreto. Polo cal tratei de practicar, un liderado decidido pero suave, tenro, de confianza e, ao mesmo tempo, simplificar procesos: un cinema posibilista e a escala humana que eu podía comprender, aínda que unha rodaxe é unha batalla contra o tempo e o espazo. *Las chicas están bien* posúe algo de lixeireza estival, pero é ambiciosa nos seus temas, e intentei xerar un ambiente onde a creatividade e os coidados estivesen no centro.